



## AS ÁRBORES E A SÚA SITUACIÓN

- Abeto / Abeto (*Abies sp*) 53  
 Abelaira / Avellano (*Corylus avellana*) 3-39  
 Aciñeira / Encina (*Quercus ilex*) 16-61  
 Acivro / Acebo (*Ilex aquifolium*) 51-67-80  
 Amieiro / Aliso (*Alnus glutinosa*) 41  
 Bidueiro / Abedul (*Betula pendula*) 35-36  
 Buxo / Boj (*Buxus sempervirens*) 63-64-66  
 Cancereixo / Serval de cazadores 28-40  
 (*Sorbus aucuparia*)  
 Carba / Roble albar (*Quercus petraea*) 45  
 Carballo / Roble (*Quercus robur*) 1-31-38  
 Castiñeiro / Castaño (*Castanea sativa*) 20-27-50-68  
 Castiñeiro de Indias / Castaño de indias 58-70-72  
 (*Aesculus hippocastanum*)  
 Caxigo / Quejigo (*Quercus faginea*) 25  
 Cerdeira / Cerezo (*Prunus avium*) 22  
 Érvedo / Madroño (*Arbutus unedo*) 33-34  
 Freixo / Fresno (*Fraxinus excelsior*) 13  
 Freixa / Fresno de Castilla (*Fraxinus angustifolia*) 23  
 Faia / Haya (*Fagus sylvatica*) 12  
 Lamigueiro / Álamo blanco (*Populus alba*) 57  
 Lamigueiro / Chopo negro (*Populus nigra*) 48-52-59-73-79  
 81-84-86-87  
 Liquidambar / Liquidambar (*Liquidambar styraciflua*) 8-14-29  
 Lodeiro / Almez (*Celtis australis*) 83  
 Loureiro / Laurel (*Laurus nobilis*) 76-85  
 Magnolio / Magnolio (*Magnolia grandiflora*) 75  
 Mazaira / Manzano (*Malus domestica*) 17-18-19  
 Nogueira / Nogal (*Juglans regia*) 7-9-10  
 Oliveira / Olivo (*Olea europea*) 5  
 Olmo / Negrillo - Olmo (*Ulmus minor*) 15-78-80-82  
 Padrairo / Arce (*Acer pseudoplatanus*) 30-32  
 Piñeiro rubio / Pino albar (*Pinus sylvestris*) 37-46  
 Platano/Plátano de sombra (*Acer platanoides*) 42-43-44-47  
 49-54-55-65  
 Rebolo / Melojo (*Quercus pyrenaica*) 24-26-56  
 Sabugueiro / Sauco (*Sambucus nigra*) 62  
 Salgueiro negro / Sauce ceniciento 77  
 (*Salix atrocinerea*)  
 Salgueiro chorón / Sauce llorón (*Salix babilonica*) 54  
 Sobreira / Alcornoque (*Quercus suber*) 2-4-6  
 Teixo / Tejo (*Taxus baccata*) 21  
 Tilo / Tilo (*Tilia cordata*) 60-69-71



## AS NOSAS ÁRBORES

A vexetación da Península Ibérica, a nosa vexetación, e aínda máis, as nosas árbores, proceden maioritariamente das que poboaron África e Eurasia, que apareceron como consecuencia dos acontecementos xeolóxicos ocorridos durante o Mioceno (15 millóns de anos), e posteriormente, no Plioceno (5 millóns de anos).


Actualmente Iberia está cuberta por especies que proceden de dúas grandes áreas xeográficas: a rexión mediterránea (máis seca e soleada), e a rexión eurosiberiana (máis fría e húmida). A primeira ocupa o terzo sur e central, mentres que a segunda só está representada no terzo norte. A estas hai que engadir outras, máis cosmopolitas, que veñen doutras zonas.

Polo que respecta a esta distribución xeográfica, Galicia é un territorio privilexiado, posto que se sitúa na intersección destas dúas xigantescas biorrexións, e atesoura as máis representativas de cada unha delas. Motivo de máis para non deixar esquecido o noso Patrimonio Natural.

Este *arboretum*, aínda que humilde en número de exemplares, non é en absoluto en especies, pois non só están presentes todas as que caracterizan a esas dúas rexións, senón que tamén están as que, sendo menos representativas, contribúen a enriquecer os bosques de Galicia, ou son fundamentais para comprender a evolución vexetal.

Reunímolos aquí, como exemplo vivo do noso riquísimo Patrimonio Natural. Están acompañadas doutras que teñen un significado especial para nós (aportacións de compañeiros, agasallos de institucións, etc.). Este espazo naceu con nós en 1985, como campo experimental para o noso alumnado, e dende entón non para de medrar con cada promoción que se gradúa. Queremos que siga connosco, pero sobre todo queremos compartilo, que se coñeza, se goce, e se conserve.

# IES A SARDIÑEIRA



ARBOR ETUM  
LUIS MÍGUEZ



I.E.S. A SARDIÑEIRA  
A CORUÑA